



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Financiado pola Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
(FEMP)

PROPOSTA RESOLUCIÓN DEFINITIVA XUNTA DIRECTIVA GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

A Xunta Directiva do GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE, en xuntanza celebrada o día 6 de outubro de 2021, (xúntase certificado acta e declaracións de ausencia de conflito de interese), vista a proposta de resolución provisional do equipo técnico do GALP, e de conformidade cos criterios establecidos na EDLP, ACORDA

1. Aprobar a PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

- a) De concesión de axudas na segunda fase de adxudicación de axudas da Convocatoria 2021 para proxectos produtivos, que figuran no anexo I, por orde descendente de puntuación dos proxectos. Xúntase a valoración individualizada das condicións de selección de cada proxecto.
- b) De concesión de axudas na segunda fase de adxudicación de axudas da Convocatoria 2021 para proxectos non produtivos, que figuran no anexo II, por orde descendente de puntuación dos proxectos. Xúntase a valoración individualizada das condicións de selección de cada proxecto.
- c) De desestimación das axudas ás solicitudes que se indican no anexo III, polos motivos que figuran nela.

De ser o caso, motivos que fan apartarse da proposta de resolución provisional do equipo técnico, de conformidade co establecido no artigo 23 da orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras, ou aplicación do artigo 24 da devandita orde que permite a minoración, limitar a contía de gastos ou establecer contías de subvención para todas as solicitudes no caso de proxectos de accións idénticas.

2. Elevar a presente proposta de resolución definitiva á Consellería do Mar acompañada dunha proposta individualizada coas condicións da selección de cada proxecto, como órgano competente, por delegación, para a resolución da concesión das axudas para proxectos ao abeiro das EDLP aprobadas pola consellería aos GALP.
3. Publicar a presente proposta de resolución definitiva coa avaliación e baremación efectuadas no taboleiro de anuncios do GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE, así como na páxina web <http://mar.xunta.gal>, coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

Miño, 15 de outubro de 2021

Visto e prace

O Presidente

A Secretaria

D. José Manuel Fernández Lage

Dna. Teresa María Oujo Reino